



CENTRO GALLEGOS

Centro Gallego
Pasco
300 400
←



Centro gallego de Buenos Aires: Máis dun século velando pola cultura, a tradición e a saúde dos galegos na Arxentina

Centro gallego de Buenos Aires: Más de un siglo velando por la cultura, la tradición y la salud de los gallegos en Argentina

*“E somentes preservando as nosas enerxías autóctonas,
a nosa capacidade creadora,
é como poderemos contribuír á civilización universal,
incorporando a ela as nosas creacións inéditas”.*

*Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
Sempre en Galiza.*

O Centro Gallego de Buenos Aires, nacido hai máis de cen anos, érguese hoxe na intersección entre a Avenida Belgrano e a rúa Pasco, que en 1997 foi denominada polo Goberno da Cidade de Buenos Aires “a esquina porteña da galeguidade universal”. En todo ese tempo, a entidade tense convertido nunha das máis importantes institucións galegas no exterior. Foi a iniciativa dun grupo de galegos visionarios, cheos de morriña pola terra que deixaran atrás, o que levou á creación deste centro que funciona, aínda hoxe, coma un refuxio, un lugar no que prestárense apoio os uns aos outros e no que manter viva a chama da cultura e a tradición de Galicia. A recente celebración do 60º aniversario do falecemento de Castelao no sanatorio do propio centro, nesa “quinta provincia galega” que é a Arxentina, é a excusa perfecta para adentrarnos polos corredores desta institución para coñecer o seu interior e a súa historia.

El Centro Gallego de Buenos Aires, nacido hace más de cien años, se yergue hoy en la intersección entre la Avenida Belgrano y la calle Pasco, que en 1997 fue denominada por el Gobierno de la Ciudad de Buenos Aires “la esquina porteña de la galleguidad universal”. En todo ese tiempo, la entidad se ha convertido en una de las más importantes instituciones gallegas en el exterior. Fue la iniciativa de un grupo de gallegos visionarios, llenos de “morriña” por la tierra que habían dejado atrás, lo que llevó a la creación de este centro que funciona, aún hoy, como un refugio, un lugar en el que prestarse apoyo unos a otros y en el que mantener viva la llama de la cultura y la tradición de Galicia. La reciente celebración del 60º aniversario del fallecimiento de Castelao en el sanatorio del propio centro, en esa “quinta provincia gallega” que es Argentina, es la excusa perfecta para adentrarnos por los pasillos de esta institución para conocer su interior y su historia.

Laura VIEIRO

A emigración cara América merece un capítulo propio na historia recente de Galicia. O desolador panorama económico que vivía a nosa comunidade fixo que, desde mediados do século XIX ata ben avanzado o XX, moitos galegos emprendesen unha longa e dura viaxe, maioritariamente

La emigración hacia América merece un capítulo propio en la historia reciente de Galicia. El desolador panorama económico que vivía nuestra comunidad hizo que, desde mediados del siglo XIX hasta bien avanzado el XX, muchos gallegos emprendiesen un largo y duro viaje, mayoritariamente hacia el



cara o outro lado do Atlántico, aínda que tamén cara outros países de Europa, para intentar acadar unha vida mellor ou mesmo para facer fortuna. Para eles, como ben o describiu o escritor arxentino Jorge Riestra, o Novo Mundo era un mundo novo. A tristeza e a morriña por deixar atrás a súa terra, as súas lembranzas, os seus seres queridos, ían acompañadas da esperanza, os sonhos e as ilusións por atopar un destino mellor que o que lles podía agardar en Galicia. Pero, iso si, sempre pensando en voltar, se ben algúns deles morrerían anhelando o retorno.

Buenos Aires foi un dos principais destinos de acollida daquela sociedade galega desprazada. Os galegos residentes na cidade porteña decidiron crear un espazo propio no que se puideran expresar, manter viva a súa cultura e os seus costumes e tradicións e no que apoiarse os uns aos outros e axudarse mutuamente a superar a nostalxia na diáspora. Foi así como naceu o Centro Gallego de Buenos Aires, convertido hoxe nunha das institucións galegas no exterior máis importantes, que, case 103 anos despois da súa fundación, conta cun total de 21.517 so-

otro lado del Atlántico, aunque también hacia otros países de Europa, para intentar alcanzar una vida mejor o incluso para hacer fortuna. Para ellos, como bien lo describió el escritor argentino Jorge Riestra, el Novo Mundo era un mundo nuevo. La tristeza y la “morriña” por dejar atrás su tierra, sus recuerdos, a sus seres queridos, iban acompañadas de la esperanza, los sueños y las ilusiones por encontrar un destino mejor que el que les podía esperar en Galicia. Pero, eso sí, siempre pensando en volver, si bien algunos de ellos morirían anhelando el retorno.

Buenos Aires fue uno de los principales destinos de acogida de aquella sociedad gallega desplazada. Los gallegos residentes en la ciudad porteña decidieron crear un espacio propio en el que se pudieran expresar, mantener viva su cultura y sus costumbres y tradiciones y en el que apoyarse los unos a los otros y ayudarse mutuamente a superar la nostalgia en la diáspora. Fue así como nació el Centro Gallego de Buenos Aires, convertido hoy en una de las instituciones gallegas en el exterior más importantes, que, casi 103 años después de su fundación, cuenta con un total de 21.517 socios, 5.023 de ellos gallegos, según datos aportados por



De esquerda a dereita: Debuxo de Castelao no Libro de Signaturas do centro. Escultura do autor en cerámica realizada por José Manuel Veiras. Retrato en bronce da poetisa Rosalía de Castro. | De esquerda a dereita: Dibujo de Castelao en el Libro de Firmas del centro. Escultura del autor en cerámica realizada por José Manuel Veiras. Retrato en bronce de la poetisa Rosalía de Castro.

la Secretaría Xeral de Emigración de la Xunta de Galicia.

La historia de esta institución, presidida hoy por Julio Martínez Fernández, comenzó a escribirse el 31 de octubre de 1906, fecha en la que se celebró en el antiguo Teatro Victoria de la capital argentina un acto conmemorativo del fallecimiento del músico y compositor Pascual Veiga, autor de la famosa melodía *Alborada gallega*. A raíz de ese acontecimiento, el periodista José R. Lence publicó en el *Diario Español* un artículo que concienció y movilizó a la colectividad gallega en el país sudamericano. Y, en este clima, surgió la iniciativa de fundar el Centro Gallego de Buenos Aires, hecho que se concretó el 2 de mayo de 1907 con la firma del Acta de Fundación, en la que se explicaba que la institución había nacido con el objetivo de “llenar las necesidades de las que completamente carece nuestra comunidad”.

Y así lo hizo. En sus primeros años, la organización se centró en ayudar a los inmigrantes a superar las numerosas dificultades a las que se tenían que enfrentar. De

esa forma, se impartieron cursos de alfabetización, se creó una Oficina de Trabajo e Inmigración y se les ofreció a los asociados asistencia médica.

En junio de 1907, cuando ya contaba con unos 200 socios, el centro se trasladó a un local de alquiler en el número 1056 de la calle Estados Unidos, en el que se celebraron las primeras clases nocturnas de alfabetización para emigrantes. Antonio Varela Gómez presidió la Comisión Organizadora hasta la elaboración del primer Estatuto, el día 21 de julio de ese mismo año, cuando Roque Ferreiro resultó elegido primer presidente de la entidad. En enero de 1909, el Centro Gallego se trasladó a la calle Perú, donde se instaló un pequeño servicio de curaciones controlado por el doctor Pablo Rubido, que atendía de forma gratuita a los asociados en su consultorio particular, mientras que las curaciones estaban a cargo de un enfermero rentado. Dos años más tarde, se aprobaron los Estatutos que integraron a la institución en el Mutualismo.

En 1912, el centro se estableció en una casa de la calle Vitoria, en la que se instalaron los primeros consultorios médicos que dirigía de manera gratuita Avelino Barrio. Asimismo, se implan-

ta, se impartieron cursos de alfabetización, se creó una Oficina de Trabajo e Inmigración y se les ofreció a los asociados asistencia médica.

En junio de 1907, cuando ya contaba con unos 200 socios, el centro se trasladó a un local de alquiler en el número 1056 de la calle Estados Unidos, en el que se celebraron las primeras clases nocturnas de alfabetización para emigrantes. Antonio Varela Gómez presidió la Comisión Organizadora hasta la elaboración del primer Estatuto, el día 21 de julio de ese mismo año, cuando Roque Ferreiro resultó elegido primer presidente de la entidad.

En enero de 1909, el Centro Gallego se trasladó a la calle Perú, donde se instaló un pequeño servicio de curaciones controlado por el doctor Pablo Rubido, que atendía de forma gratuita a los asociados en su consultorio particular, mientras que las curaciones estaban a cargo de un enfermero rentado. Dos años más tarde, se aprobaron los Estatutos que integraron a la institución en el Mutualismo.

En 1912, el centro se estableció en una casa de la calle Vitoria, en la que se instalaron los primeros consultorios médicos que dirigía de manera gratuita Avelino Barrio. Asimismo, se implan-



“Nacimiento”, óleo sobre tea de Isaac Díaz Pardo. | “Nacimiento”, óleo sobre tela de Isaac Díaz Pardo.

En xuño de 1907, cando xa contaba cuns 200 socios, o centro trasladouse a un local de aluguer no número 1056 da rúa Estados Unidos, no que se celebraron as primeiras clases nocturnas de alfabetización para emigrantes. Antonio Varela Gómez presidiu a Comisión Organizadora ata a elaboración do primeiro Estatuto, o día 21 de xullo dese mesmo ano, cando Roque Ferreiro resultou elixido primeiro presidente da entidade.

En xaneiro de 1909, o Centro Gallego trasladouse á rúa Perú,

tó la asistencia a domicilio, creándose también un consultorio nocturno. Allí funcionaban, además, el servicio fúnebre, el de farmacia y el de asesoramiento jurídico. La atención médica fue creciendo y, en el año 1914, la Institución contaba ya con diez facultativos.

La afluencia de socios continuó, por lo que, en 1917, y merced a una suscripción popular, fue adquirido el inmueble de Belgrano 2189, lugar en el que el centro está emplazado actualmente. El edificio, sin embargo, necesitaba una reforma que suponía un coste casi similar al dinero por el que había sido comprado, por lo que los integrantes del Centro Gallego fueron pidiendo de puerta en puerta hasta conseguir reunir los fondos. Finalmente, las obras se iniciaron en 1918 y, el 2 de mayo de 1920, se inauguró la nueva sede.

Años más tarde, fue preciso adquirir una nueva sede que diese respuesta a las necesidades surgidas del incremento del número de socios, por lo que la junta directiva decidió adquirir un edificio anexo al local de Belgrano 2171, que se inauguró en 1923, sumándose así a las salas de clínica y cirugía 30 dormitorios, con mobiliario donado por importantes personalidades.

Entre 1923 y 1926, se adquirieron seis propiedades contiguas al edificio social, por Belgrano, Pasco y Moreno, y, en 1929, se compró el inmueble de Belgrano 2159. Dos años más tarde, se convocó el concurso de anteproyectos para la construcción de la primera parte del edificio social en los terrenos de Belgrano y Pasco. Para la ceremonia en la que se colocó la piedra fundacional, en 1936, se llevó tierra de las cuatro provincias gallegas. En 1938 se adquirieron dos propiedades en Pasco para la prosecución de las obras, y dos años después se inició la construcción de la segunda etapa del edificio, que sería inaugurada en 1941.

***Galicia*, a decana das publicacións galegas na emigración**

A revista *Galicia* comezou a editarse o 1 de xaneiro de 1913, durante a presidencia de Laureano Alonso Pérez, e ao amparo da antiga Comisión de Cultura, co nome de *Boletín Oficial del Centro Gallego*. Nesa primeira edición explicábanse os seus obxectivos coas seguintes palabras: “...desde hoxe, será o amigo fiel que, unha vez por mes, visitará a todos e cada un dos socios levando nas súas páxinas os triunfos, os éxitos, as satisfaccións da sociedade, instituída para o mutuo amparo e sostén dos fillos de Galicia radicados na República Arxentina, e para defender o bo nome da patria e da rexión cantas veces fose preciso”.

Esta publicación tense convertido nun medio de difusión da cultura propia e nun xeito de manter vivo o espírito da galegui-

***Galicia*, la decana de las publicaciones gallegas en la emigración**

La revista *Galicia* comenzó a editarse el 1 de enero de 1913, durante la presidencia de Laureano Alonso Pérez, y al amparo de la antigua Comisión de Cultura, con el nombre de *Boletín Oficial del Centro Gallego*. En esa primera edición se explicaban sus objetivos con las siguientes palabras: “...desde hoy, será el amigo fiel que, una vez por mes, visitará a todos y cada uno de los socios llevando en sus páginas los triunfos, los éxitos, las satisfaccións de la sociedad, instituida para el mutuo amparo y sostén de los hijos de Galicia radicados en la República Argentina, y para defender el buen nombre de la patria y de la región cuantas veces fuese preciso”.

Esta publicación se ha convertido en un medio de difusión de la cultura propia y en un modo de mantener vivo el espíritu de la galleguidad al otro lado del Atlántico. En sus páginas han colaborado gran-

onde se instalou un pequeno servizo de curacións controlado polo doutor Pablo Rubido, que atendía de xeito gratuíto aos asociados no seu consultorio particular, mentres que as curacións estaban a cargo dun enfermeiro rendado. Dous anos máis tarde, aprobáronse os Estatutos que integraron á institución no Mutualismo.

En 1912, o centro estableceuse nunha casa da rúa Vitoria, na que se instaláron os primeiros consultorios médicos que dirixía de balde Avelino Barrio. Así mesmo, implantouse a asistencia a domicilio, creándose tamén un consultorio nocturno. Alí funcionaban, ademais, o servizo fúnebre, o de farmacia e o de asesoramento xurídico. A atención médica foi medrando e, no ano 1914, a Institución contaba xa con dez facultativos.


A afluencia de socios continuou, polo que, en 1917, e mercé a unha subscripción popular, foi adquirido o inmoible de Belgrano 2189, lugar no que o centro está emprazado actualmente. O edificio, sen embargo, necesitaba unha reforma que supoñía un custo case similar aos cartos polo que fora comprado, polo que os integrantes do Centro Gallego foron pedindo de porta en porta ata conseguir reunir os fondos. Finalmente, as obras iniciáronse en 1918 e, o 2 de maio de 1920, inaugurouse a nova sede.

Anos máis tarde, foi preciso adquirir unha nova sede que dese resposta ás necesidades xurdidas do incremento do número de socios, polo que a xunta directiva decidiu adquirir un edificio anexo ao local de Belgrano 2171, que se inaugurou en 1923, sumándose así ás salas de clínica e cirurxía 30 dormitorios, con mobiliario doado por importantes personalidades.

Entre 1923 e 1926, adquiríronse seis propiedades contiguas ao edificio social, por Belgrano, Pasco e Moreno, e, en 1929, comprouse o inmoible de Belgrano 2159. Dous anos máis tarde,

dade ao outro lado do Atlántico. Nas súas páxinas teñen colaborado grandes persoeiros da cultura galega, como Castelao, Blanco Amor, Manuel Murguía, Ramón Otero Pedrayo, Arturo Cuadrado, Luis Seoane, Laxeiro ou Francisco Fernández del Riego, quen asinaba co pseudónimo de Salvador de Lorenzana as crónicas “Galicia cada trinta días”, entre moitos outros.

O seu contido abrangue diferentes temáticas, desde información sobre a actividade institucional e os distintos servizos que se lles ofertan aos asociados ata temas médicos, unha axenda cunha reseña das iniciativas e actividades desenvolvidas polo Instituto e outras seccións sobre asuntos de interese para o seu público, como a emigración, a historia, a literatura e a lingua de Galicia.

Ao longo da súa vida, *Galicia* foi dirixida por importantes personalidades, como José Blanco Amor, Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane, Alfredo Baltar ou Rodolfo Alonso. Na actualidade, é a xornalista María Mirta Vázquez quen leva as rendas deste proxecto que continúa, aínda hoxe, a promover, estender e enaltecer o mellor da cultura galega no outro lado do mundo. 




“Procesión de la Virgen de la Franqueira”, de Fernando Álvarez de Sotomayor. | “Procesión de la Virgen de la Franqueira”, de Fernando Álvarez de Sotomayor.

Si durante los primeros cuarenta años de su existencia este centro tuvo una función mutualista, centrándose en resolver los problemas más urgentes de los inmigrantes, en la segunda mitad del siglo XX se le comenzó a dar más importancia a la contribución a la expansión y a la difusión de la cultura gallega. La revista *Galicia*, que había visto la luz en 1913 con el nombre de *Boletín Oficial del Centro Gallego*, se había erigido ya en una auténtica plataforma formativa en materia de arte, historia o antropología, en la que cola-

des personalidades de la cultura gallega, como Castelao, Blanco Amor, Manuel Murguía, Ramón Otero Pedrayo, Arturo Cuadrado, Luis Seoane, Laxeiro o Francisco Fernández del Riego, quien firmaba con el pseudónimo de Salvador de Lorenzana las crónicas “Galicia cada treinta días”, entre muchos otros.

Su contenido abarca diferentes temáticas, desde información sobre la actividad institucional y los distintos servicios que se les ofertan a los asociados hasta temas médicos, una agenda cultural con una reseña de las iniciativas y actividades desarrolladas por el Instituto y otras secciones sobre asuntos de interés para su público, como la emigración, la historia, la literatura y la lengua de Galicia.

A lo largo de su vida, *Galicia* fue dirigida por importantes personalidades, como José Blanco Amor, Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane, Alfredo Baltar o Rodolfo Alonso. En la actualidad, es la periodista María Mirta Vázquez quien lleva las riendas de este proyecto que continúa, aún hoy, promoviendo, extendiendo y enalteciendo lo mejor de la cultura gallega en el otro lado del mundo. 

convocouse o concurso de anteprojectos para a construción da primeira parte do edificio social nos terreos de Belgrano e Pasco. Para a cerimonia na que se colocou a pedra fundacional, en 1936, levouse terra das catro provincias galegas. En 1938 adquiríronse dúas propiedades en Pasco para a prosecución das obras, e dous anos despois iniciouse a construción da segunda etapa do edificio, que sería inaugurada en 1941.

Se durante os primeiros corenta anos da súa existencia este centro tivo unha función mutualista, centrándose en resolver os problemas máis urxentes dos inmigrantes, na segunda metade do século XX comezouse a dar máis importancia á contribución á expansión e á difusión da cultura galega. A revista *Galicia*, que vira a luz en 1913 co nome de *Boletín Oficial del Centro Gallego*, erixírase xa nunha auténtica plataforma formativa en materia de arte, historia ou antropoloxía, na que colaboraron nomes propios da cultura da nosa comunidade, como Luis Seoane, Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Rafael Dieste, entre moitos outros.

Así mesmo, o 7 de xaneiro de 1950 tivo lugar no sanatorio deste centro un acontecemento que marcaría para sempre a súa historia: a morte de Castelao, unha das máis grandes figuras da cultura galega de todos os tempos, un home que ten sobrepasado o estatus de artista, intelectual, escritor e político para converterse en todo un símbolo da galegitude. Os seus restos descansaron no Panteón que esta entidade posúe no Cemiterio de Chacarita, un dos máis significativos do mundo pola súa magnitude e monumentalidade, ata o ano 1984, cando foron repatriados a Galicia. Desde o 24 de xullo de 1971, érguese no vestíbu-



Escultura de Castelao, situada na Presidencia do Instituto Argentino de Cultura Gallega. | Escultura de Castelao, situada en la Presidencia del Instituto Argentino de Cultura Gallega.

“En xaneiro cumpríronse 60 anos do falecemento de Castelao no sanatorio do centro”

lo da Institución un busto de bronce na súa honra, realizado polo escultor José Fioravanti.

Na actualidade, o Sanatorio Social ocupa 34.000 metros cadrados e dispón dun sector de internamento con capacidade para 370 pacientes, seis quirófanos e 60 consultorios externos. A comezos do ano 2003, a xestión da área asistencial sanitaria transferiuse á Fundación Galicia Saúde, integrada a partes iguais por membros da Xunta e do Centro Gallego de Buenos Aires.

O Instituto Argentino de Cultura Gallega

Por outra banda, a función cultural e social da entidade desenvólvea o Instituto Argentino de Cultura Gallega, que, desde os seus primeiros pasos, encargouse da organización, programación e posta en marcha de todo o relacionado coa difusión das culturas galega e ar-


boraron nomes propios de la cultura de nuestra comunidad, como Luis Seoane, Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao o Rafael Dieste, entre muchos otros.

Asimismo, el 7 de enero de 1950 tuvo lugar en el sanatorio de este centro un acontecimiento que marcaría para siempre su historia: la muerte de Castelao, una de las más grandes figuras de la cultura gallega de todos los tiempos, un hombre que ha sobrepasado el estatus de artista, intelectual, escritor y político para convertirse en todo un símbolo de la galleguidad. Sus restos descansaron en el Panteón que esta entidad posee en el Cementerio de Chacarita, uno de los más significativos del mundo por su magnitud y monumentalidad, hasta el año 1984, cando fueron repatriados a Galicia. Desde el 24 de julio de 1971, se yergue en el vestíbulo de la Institución un busto de bronce en su honor, realizado por el escultor José Fioravanti.

En la actualidad, el Sanatorio Social ocupa 34.000 metros cuadrados y dispone de un sector de internamiento con capacidad para 370 pacientes, seis quirófanos y 60 consultorios externos. A comienzos del año 2003, la gestión del área asistencial sanitaria se transfirió a la Fundación Galicia Saúde, integrada a partes iguales por miembros de la Xunta y del Centro Gallego de Buenos Aires.



Esquerda: Busto de bronce de Castelao, realizado por José Fioravanti. Dereita: A obra *Cabeza*, de Luis Seoane. | Izquierda: Busto de bronce de Castelao, realizado por José Fioravanti. Derecha: La obra *Cabeza*, de Luis Seoane.



“En enero se cumplieron 60 años del fallecimiento de Castelao en el sanatorio del centro”

xentina: organización de conferencias, exposicións e concertos, celebración de actos patrióticos e asesoramento a todas as entidades que o requiran nas materias que concernen ao Instituto, entre outras actividades. Entre as súas tarefas atópase tamén o mantemento e a actualización da Biblioteca Social Manuel Murguía, que conta cuns 20.000 volumes. Ademais, dispón dunha pinacoteca que alberga 130 obras pictóricas de autores galegos tan destacados como Sotomayor, Laxeiro, Luis Seoane, Colmeiro ou Castelao, ademais de 52 estatuas e esculturas e 279 cadros e presentes artísticos, e dunha videoteca que alberga un gran número de videocasetes sobre temas relacionados coa comunidade galega e dous centenares de películas en tamaño de 16 milímetros, documentais de toda España realizados pola Televisión Española das décadas dos 60 e dos 70.

Dentro do Instituto ten unha grande importancia o arquivo sonoro, que contén gravacións de conferencias e actos nos que participaron persoeiros como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Castelao, Blanco Amor, Cunqueiro ou García Sabell, así como intelectuais arxentinos da talla de Battistesa, Córdoba Iturburi, Ghioldi e un longo etcétera. O arquivo inclúe, asemade, partituras corais e obras sinfónicas, entre as que destacan *En las montañas de Galicia*, de Andrés Gaos; *De tierra gallega*, de Juan J. Castro; ou *Alborada*, de Rodolfo Cubik, entre moitas outras.

El Instituto Argentino de Cultura Gallega

Por otra parte, la función cultural y social de la entidad la desarrolla el Instituto Argentino de Cultura Gallega, que, desde sus primeros pasos, se encargó de la organización, programación y puesta en marcha de todo lo relacionado con la difusión de las culturas gallega y argentina: organización de conferencias, exposiciones y concertos, celebración de actos patrióticos y asesoramiento a todas las entidades que lo requieran en las materias que conciernen al Instituto, entre otras actividades. Entre sus tareas está también el mantenimiento y la actualización de la Biblioteca Social Manuel Murguía, que cuenta con unos 20.000 volúmenes. Además, dispone de una pinacoteca que alberga 130 obras pictóricas de autores gallegos tan destacados como Sotomayor, Laxeiro, Luis Seoane, Colmeiro o Castelao, además de 52 estatuas y esculturas y 279 cuadros y presentes artísticos, y de una videoteca que alberga un gran número de videocasetes sobre temas relacionados con la comunidad gallega y dos centenares de películas en tamaño de 16 milímetros, documentales de toda España realizados por la Televisión Española de las décadas de los 60 y de los 70.

Dentro del Instituto cobra una gran importancia el archivo sonoro, que contiene grabaciones de conferencias y actos en los que participaron personalidades como Otero Pedrayo, Vicente



Arriba: "O cego", de Alfonso Rodríguez Castelao. Dereita: pintura do edificio que alberga o Centro Gallego de Buenos Aires, de F. Vázquez Conde. | Arriba: "O cego", de Alfonso Rodríguez Castelao. Derecha: pintura del edificio que alberga el Centro Gallego de Buenos Aires, de F. Vázquez Conde.



“A historia desta institución comezou a escribirse o 31 de outubro de 1906, data na que se celebrou no antigo Teatro Victoria un acto conmemorativo do falecemento de Pascual Veiga, autor da famosa melodía *Alborada gallega*”

Na rúa Moreno da cidade porteña ubícase o remodelado Teatro Castelao, que ten unha capacidade de 400 personas e no que se desenvolve a meirande parte da actividade cultural programada, mentres que no primeiro piso dese mesmo edificio ubícase o Salón de Actos Otero Pedrayo, empregado para reunións, cursos e outros eventos. No ano 2000 inaugurouse na pranta baixa unha Sala de Exposicións que leva o nome de Isaac Díaz Pardo, mestre da arte galega e unha das figuras vivas da historia da nosa comunidade, na que diferentes artistas exhiben as súas obras relacionadas con Galicia ou coa emigración.

Por outra banda, a editorial do Centro Gallego de Buenos Aires, Ediciones Galicia, ten publicado, desde mediados do século XX,

Risco, Castelao, Blanco Amor, Cunqueiro o García Sabell, así como intelectuales argentinos de la talla de Battistesa, Córdoba Iturburi, Ghioldi y un largo etcétera. El archivo incluye, además, partituras corales y obras sinfónicas, entre las que destacan *En las montañas de Galicia*, de Andrés Gaos; *De tierra gallega*, de Juan J. Castro; o *Alborada*, de Rodolfo Cubik, entre muchas otras.

En la calle Moreno de la ciudad porteña se ubica el remodelado Teatro Castelao, que tiene una capacidad de 400 personas y en el que se desarrolla la mayor parte de la actividad cultural programada, mientras que en el primer piso de ese mismo edificio se ubica el Salón de Actos Otero Pedrayo, empleado para reuniones, cursos y otros eventos. En el año 2000 se inauguró en la planta baja una Sala de Exposiciones que lleva el nombre de Isaac Díaz Pardo, maestro del arte gallego y una de las figuras vivas de la historia de nuestra comunidad, en la que diferentes artistas exhiben sus obras relacionadas con Galicia o con la emigración.

Por otra parte, la editorial del Centro Gallego de Buenos Aires, Ediciones Galicia, ha publicado, desde mediados del siglo XX,



cerca de sesenta títulos e sete discos de larga duración, a maioría deles en galego. Todo o patrimonio cultural e material do que dispón este centro pode consultarse na páxina web de Galicia Aberta, www.galiciaaberta.com, un proxecto posto en marcha pola Secretaría Xeral de Emigración.

Na actualidade, o Instituto Argentino de Cultura Gallega continúa a organizar toda clase de eventos, cursos e actividades a través dos que pretende enaltecer, promover e difundir os valores da cultura galega. Esta entidade segue loitando por acadar os obxectivos perseguidos desde os seus comezos: procurar que a obra da emigración galega na Arxentina, realizada con tanto amor polos seus autores máis representativos, sexa recollida con ese mesmo sentimento polos seus descendentes, de xeito que se convertan en gardiáns no tempo dese senlleiro patrimonio cultural e identitario.

En recoñecemento ao seu labor consolidador da galeguidade e á súa importancia como institución fundadora da Galicia do exterior, o 3 de maio de 1990 a Xunta de Manuel Fraga

decidiu concederlle ao Centro Gallego de Buenos Aires a Medalla de Oro de Galicia.

Visitantes ilustres

Desde o seu nacemento, foron moitos os persoeiros que se achegaron ata esta institución para coñecela de preto. Desas visitas temos hoxe un amplo testemuño gráfico no Libro de Sinaturas do que dispón a entidade, que recolle as firmas dos seus visitantes ilustres desde a inauguración do edificio anexo ao sanatorio, no ano 1923, ata a actualidade. O xeneral Millán Astray, o rexedor da Coruña Alfonso Molina, os escritores Ramón Otero Pedrayo ou Ramiro de Maeztu, a primeira dama arxentina Eva Perón... sería imposible citar todas as rúbricas que enchen as súas páxinas. Pero, entre todas elas, sobresaie un debuxo de Castelao que data do 22 de xullo de 1940, e que aparece coroado por unha frase que resume o sentido do Centro Gallego de Buenos Aires e de todos os seus homólogos na diáspora: “O día que saímos da nosa patria”. G

Laura Vieiro é xornalista.

cerca de sesenta títulos y siete discos de larga duración, la mayoría de ellos en gallego. Todo el patrimonio cultural y material del que dispone este centro puede consultarse en la página web de Galicia Aberta, www.galiciaaberta.com, un proyecto puesto en marcha por la Secretaría Xeral de Emigración.

En la actualidad, el Instituto Argentino de Cultura Gallega continúa organizando toda clase de eventos, cursos y actividades a través de los que pretende enaltecer, promover y difundir los valores de la cultura gallega. Esta entidad sigue luchando por alcanzar los objetivos perseguidos desde sus comienzos: procurar que la obra de la emigración gallega en Argentina, realizada con tanto amor por sus autores más representativos, sea recogida con ese mismo sentimiento por sus descendentes, de modo que se conviertan en guardianes en el tiempo de ese singular patrimonio cultural e identitario.

En reconocimiento a su labor consolidadora de la galleguidad y a su importancia como institución fundadora de la Galicia del exterior, el 3 de mayo de 1990 la Xunta de Manuel Fraga decidió concederle al Centro Gallego de Buenos Aires la Medalla de Oro de Galicia.

“La historia de esta institución comenzó a escribirse el 31 de octubre de 1906, data en la que se celebró el antiguo Teatro Victoria un acto conmemorativo del fallecimiento de Pascual Veiga, autor de la famosa melodía *Alborada gallega*” G

Visitantes ilustres

Desde el nacimiento de esta institución, fueron muchas las personalidades que se acercaron hasta ella para conocerla de cerca. De esas visitas tenemos hoy un amplio testimonio gráfico en el Libro de Firmas del que dispone la entidad, que recoge las firmas de sus visitantes ilustres desde la inauguración del edificio anexo al sanatorio, en el año 1923, hasta la actualidad. El general Millán Astray, el regidor de A Coruña Alfonso Molina, los escritores Ramón Otero Pedrayo o Ramiro de Maeztu, la primera dama argentina Eva Perón... sería imposible citar todas las rúbricas que llenan sus páginas. Pero, entre todas ellas, sobresale un dibujo de Castelao que data del 22 de julio de 1940, y que aparece coroado por una frase que resume el sentido del Centro Gallego de Buenos Aires y de todos sus homólogos en la diáspora: “El día que salimos de nuestra patria”. G

Laura Vieiro es periodista.